



BANDO

LIMPEZA DE TERREOS PRÓXIMOS A VIVENDAS

D. RAFAEL PÉREZ VÁZQUEZ en calidade de Alcalde do Concello de A Mezquita,

FAGO SABER E RECORDAR:

Que ao abeiro da Lei 9/2007 de prevención de lumes forestais de Galicia, estamos na **OBRIGA** de manter limpas e desbrozadas a nosas fincas e de retiralas especies arbóreas e arbustivas prohibidas (piñeiros, eucaliptos, acacias, xestas, toxos, silvas) tanto **dentro dos núcleos de poboación** como **nas faixas secundarias ao redor dos mesmos** (50m dende o límite do solo urbano segundo o PXOM), **antes do 31 DE MAIO DE 2026.**

A limpeza e desbroce é un **DEBER** que teñen todas as persoas propietarias e titulares dos terreos afectados, evitando así que existan situacións de perigo ou risco para vivendas e incluso para a nosa veciñanza como **ocorreu o verán pasado.**

De todos xeitos, calquer veciño interesado pode solicitar voluntariamente que se realicen traballos de desbroces nas fincas da súa propiedade, realizando o pago polos servizos prestados.

A Mezquita, a 10 de abril de 2026.

O ALCALDE,
(documento asinado dixitalmente)

Asdo.: Rafael Pérez Vázquez

